

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 12 DE MAIO DE 2008.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Jaime Pernas Rodríguez

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día doce de maio de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde - Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde - Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE 10 DE MARZO DE 2008. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do borrador da acta plenaria do epígrafe.

Non habendo obxeccións, queda aprobada por unanimidade a acta de correspondente á sesión plenaria de 10 de marzo de 2008.

2º) CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2007. APROBACIÓN DEFINITIVA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría, dáse conta ó Pleno corporativo, do acordo adoptado pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión de data 10 de marzo de 2008.

Por Secretaría informase igualmente que no trámite de exposición pública, realizado mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 68 de data 25 de marzo de 2008, non se presentaron reclamacións nin alegacións.

Por Secretaría, dáse conta ó Pleno corporativo, do acordo adoptado pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión de data 5 de maio de 2008.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda:

Aprobar definitivamente a Conta Xeral correspondente ó orzamento de 2007, integrada polos seguintes Estados:

- Balance
- Conta do resultado económico patrimonial.
- Estado de liquidación do presuposto.
- Memoria;

E pola seguinte documentación a remitir ó Consello de Contas:

- Actas de arqueo das existencias en caixa, referidas a fin do exercicio de 2007.
- Notas ou certificación de cada entidade bancaria, acreditativas dos saldos existentes nas mesmas, a favor da entidade local, referidas ó fin de exercicio e agrupadas por nome ou razón social da entidade bancaria.

3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIONES E OBRAS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do dictame emitido pola Comisión Especial de Contas, con data 5 de maio de 2008.

Polo Sr. Alcalde explicase brevemente as razóns nas que se basea a modificación proposta, salientando que unha vez que o Parque Empresarial de Camba está plenamente ocupado, agás aquelas parcelas que incumprindo a normativa fixada por Xestur Lugo como entidade promotora aínda non foron construídas, non ten moito sentido seguir outorgando subvencións e axudas das que soamente se beneficiarían aquelas persoas ou empresas que non só non fixeron nada pola creación de emprego e o desenvolvemento socioeconómico do noso Concello, senón que foron un obstáculo.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde manifestando que unha vez se poña en marcha a ampliación do Parque Empresarial prevista no Plan Xeral de Ordenación Municipal, será o momento de estudar a adopción de medidas tendentes ó fomento do emprego.

Polo Sr. Pernas Rodríguez sinala que o seu Grupo, tal e como xa manifestou o portavoz na Comisión de Contas, considera acertada a modificación proposta e vai votar favorablemente.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o BNG vai votar a favor, mais deixando claro que o BNG, desde un principio opúxose a este sistema de axudas, que beneficiou principalmente as grandes empresas, cando as axudas deberían dirixirse as pequenas iniciativas empresariais.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de votar a favor da proposta.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Regulamentadora sobre Construcción, Instalacións e Obras, nos termos recollidos na proposta da Alcaldía obrante no expediente, ordenando a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro municipal de anuncios, sometendo o presente acordo o preceptivo trámite de información pública, por prazo de 1 mes, sinalándose expresamente que o presente acordo de aprobación inicial, elevarase automaticamente a definitivo no suposto da non presentación de alegacións e/ou reclamacións, no prazo de exposición pública anteriormente citado, entrando en vigor, nos termos sinalados no Art. 107.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e Art. 17 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

4º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TASA POR SUBMINISTRACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas, con data 5 de maio de 2008.

Polo Sr. Alcalde explicase brevemente as razóns nas que se basea a modificación proposta, salientando que unha vez aprobado o Regulamento do Servizo era necesario proceder á modificación da Ordenanza Fiscal.

A proposta non altera as tarifas de consumo doméstico, e soamente se contemplan subas para os grandes consumos e tamén para o uso de obra, coa finalidade de fomenta-la solicitude das preceptivas licencias de primeira ocupación.

Polo Sr. Pernas Rodríguez sinala que o seu Grupo, tal e como xa manifestou o portavoz na Comisión de Contas, considera acertada a modificación proposta e vai votar favorablemente.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o BNG vai votar a favor.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de votar a favor da proposta.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Regulamentadora da Taxa por Subministración e Distribución de Auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, nos termos recollidos na proposta da Alcaldía obrante no expediente, ordenando a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro municipal de anuncios, sometendo o presente acordo o preceptivo trámite de información pública, por prazo de 1 mes, sinalándose expresamente que o presente acordo de aprobación inicial, elevarase automaticamente a definitivo no suposto da non presentación de alegacións e/ou reclamacións, no prazo de exposición pública anteriormente citado, entrando en vigor, nos termos sinalados no Art. 107.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e Art. 17 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

5º) EXPEDIENTE DE ESTABLECIMENTO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Especial de Contas, con data 5 de maio de 2008.

Polo Sr. Alcalde explicase brevemente as razóns nas que se basea a súa proposta de establecemento da Taxa do epígrafe, salientando que unha vez que, a instancias da Vicepresidencia da Xunta, o Punto de Atención Infantil, transformouse en Escola Infantil de 0 a 3 anos, os gastos de mantemento de dita escola, vanse incrementar notablemente (aumento do horario e do persoal, así como a redución de 2 a 1 mes, do peche das instalacións), e se ben e certo que a subvención a percibir da Xunta de Galicia tamén se incrementará, hai que ter en conta que dende a Xunta de Galicia, estase comunicando ós Concellos, a necesidade de aplica-lo principio de corresponsabilidade fiscal, de xeito que o importe das subvencións a percibir, determinárase en función (entre outros factores) do esforzo fiscal dos Concellos perceptores.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que de calquera xeito, na proposta se reflicten unhas tarifas moito menores que as que están a cobrar outros concellos ou a propia Xunta de Galicia, de feito, a tarifa mais alta que se recolle nesta ordenanza, é de 30 Euros mensuais, (importe que pode verse reducido en función dos ingresos familiares ou do número de fillos), cando a tarifa doutros concellos limítrofes supera os 100 € mensuais.

Polo Sr. Pernas Rodríguez sinala que o seu Grupo, tal e como xa manifestou o portavoz na Comisión de Contas, considera acertada a modificación proposta e vai votar favorablemente.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o BNG vai votar a favor.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de votar a favor da proposta.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente o establecemento da Taxa pola Prestación do Servizo de Escola Infantil Municipal, nos termos recollidos na proposta da Alcaldía obrante no expediente, ordenando a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro municipal de anuncios, sometendo o presente acordo o preceptivo trámite de información pública, por prazo de 1 mes, sinalándose expresamente que o presente acordo de aprobación inicial, elevarase automaticamente a definitivo no suposto da non presentación de alegacións e/ou reclamacións, no prazo de

exposición pública anteriormente citado, entrando en vigor, nos termos sinalados no Art. 107.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e Art. 17 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo.

6º) PETICION DE SUBVENCION PARA A REDACCION DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL Ó ABEIRO DA ORDE DA C.P.T.O.P.T. DE 28 DE DECEMBRO DE 2007. ADOPCION DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove, para o coñecemento, debate e, se é o caso, aprobación polo Concello Pleno, presenta a Proposta que a seguir se transcribe:

VISTA, a Orde da CPTOPT do 28 de decembro de 2007 (D.O.G. nº: 8 de data 11 de xaneiro de 2008) pola que se regula a concesión de subvención aos Concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico durante o ano 2008.

VISTO o contido do escrito remitido pola Dirección Xeral de Urbanismo de data 21/12/2007 (R.E. nº: 13 do 02/01/2008) obrante no expediente.

Pola presente proponse ó Concello Pleno a adopción de acordo polo que se acorda renunciar á solicitude de subvención presentada ó abeiro da Orde do 20 de abril de 2007 e presentar unha nova solicitude de subvención ó amparo da Orde de 28 de decembro de 2007 por importe de 74.745'10 € para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Xove.”

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

7º) EXPEDIENTE Nº 3/2008 DE MODIFICACION DE CRÉDITOS DE ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2008 POR IMPORTE DE 318.500,00€ APROBACION INICIAL. ADOPCION DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta do epígrafe que a seguir se transcribe:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a insuficiencia de crédito en diversas partidas do Estado de Gastos para atender necesidades de carácter inaplazable a que se fai referencia na Providencia de Alcaldía.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acorda-la concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 3.609.672,92 euros.

A modificación que se propón refírese ós seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaplazable nos seguintes argumentos:

-Constátase a necesidade de acometer obras de reforma da marquesina existente diante da Casa do Concello para reforzar a mesma e colocar novos ventanais sobre o murete posterior.

-Preténdese dotar de mobiliario a sala de exposicións e oficina de turismo do Concello sita na Avenida Deputación e recentemente acondicionada. Así mesmo, no apartado de mobiliario resulta necesario a adquisición de unha mesa e varias sillas para suplir o mobiliario actualmente existente na Sala de Comisións anexa á Alcaldía, xa que se amosa claramente insuficiente.

-Dótase igualmente crédito para facer fronte á obra de instalación dunha escaleira de evacuación de emerxencia. Para este investimento foi solicitada unha axuda da Consellería de Presidencia polo importe do 80% do orzamento total de 27.000,00 €. Non obstante, e posto que as disponibilidades de financiamento o permiten e dado que se trata de unha obra que, con independencia da concesión de axuda por parte da Consellería, resulta moi necesario realizar, dótase crédito polo 50% do investimento total, para o caso de que a dita axuda non alcance as previsións máximas.

Así mesmo, e ó abeiro da mesma Orde de dita Consellería, solicítouse axuda por importe de 67.543,96 €, 80% do orzamento de 84.429,95 € correspondentes á obra de reposición da cuberta da Casa Consistorial retirando a actualmente existente de fibrocemento con amianto e substituíndoa por soporte de dobre capa de paneis con illamento e pizarra. Polos motivos expostos anteriormente, para esta obra contéplase crédito por importe aproximado do 50% do investimento.

-Faise necesario a adquisición de un camión con plataforma aérea portapersonas para o servizo de electricidade do Concello.

-Así mesmo, recóllese o crédito necesario para a concesión de axudas para o remate (lucido de fachadas) de vivendas unifamiliares con máis de cinco anos de antigüidade, segundo acordo adoptado polo Pleno na súa sesión de data 14 de xaneiro de 2.008. O crédito é equivalente ó que solía dotarse para axudas a entornos de vivendas.

Partida	Denominación	Consign. Inic. + Aumentos anteriores	Aumento	Consignación Final	Finalidade
121.622	Admón. Xeral. Investimento en edificios	108.605,09	13.500,00 42.500,00	164.605,09	Colocación de escaleira de emerxencia (P 11/08)e reposición de cuberta (P 12/08)
121.625	Admón. Xeral. Investimento en mobiliario	9.000,00	2.500,00	11.500,00	Adquisición de mesa e sillas sala comisións Casa do Concello (P 13/08)
431.780	Vivendas. Transferencias de capital a familias	0,00	3.000,00	3.000,00	Axudas a lucido de fachadas
432.611	Urbanismo. Investimento de reposición en infraestructuras	281.500,00	35.000,00	316.500,00	Reparación marquesina Casa do Concello (P 14/08)
432.624	Urbanismo. Adquisición de material de	0,00	64.000,00	64.000,00	Compra camión servizo eléctrico (P

	<i>transporte</i>				15/08)
451.625	<i>Cultura. Investimento en mobiliario</i>	0,00	8.000,00	8.000,00	Mobiliario sala de exposicións e oficina de turismo (P 16/08)
511.611	<i>Carreteras e camiños. Investimento de reposición</i>	47.270,89	150.000,00	197.270,89	Reposición viales (P 17/08)
TOTAL			318.500,00		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.007.

*En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramita-lo correspondente expediente de suplemento de crédito na partidas que corresponda, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 3/2008 de Modificación de Créditos por importe total de **TRESCENTOS DEAZOITO MIL QUINIENTOS EUROS (318.500,00)**”.*

Polo Sr. Alcalde Presidente, explícanse brevemente as razóns que motivan o presente expediente de modificación de créditos, salientando que tódolos aumentos de consignación, van destinados a inversións, e ningún a financiar partidas de gasto ordinario.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que estes axustes presupostarios son habituais e necesarios en tódalas administracións públicas, engadindo que o seu grupo considera plenamente xustificadas as inversións que se van financiar cos aumentos previstos neste expediente, razón pola cal, o seu grupo vai votar a favor.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase igualmente que esta proposta de Alcaldía ven a demostrar que as críticas que o anterior grupo de goberno tivo que soportar dos grupos do BNG e do PSOE cando presentaba propostas similares, non tiñan xustificación ningunha.

Polo Sr. Fernández Bouza manifesta, que se ben considera xustificadas e razoables as inversións que motivan este expediente, vaise abster por considerar que as obras de reparación de camiños as que se van destinar 150.000€a maiores, deberían de ser financiadas en parte polos maderistas, xa que o deterioro de ditos camiños non se debe soamente as choivas dos últimos días, senón que dito deterioro é motivado en gran parte pola irresponsabilidade dos maderistas (utilización de vehículos de tonelaxe excesivo, falla de limpeza de cunetas e tajeas unha vez rematados os traballos de carga, etc. etc.).

Polo Sr. Alcalde respóndese que está de acordo co manifestado polo Sr. Fernández Bouza, e de feito, hai poucos días tivo unha reunión con representantes do sector para formalizar un convenio para que os maderistas aporten fondos destinados ó mantemento e reparación dos viais de titularidade municipal que sufran deterioros polas actividades de corta e saca de madeira.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que con independencia da formalización do citado convenio, o Concello xa ten comunicado tanto aos maderistas como ó Servizo Forestal do Distrito, a obriga de comunicar ó Concello con tempo suficiente, as sacas de madeira previstas, os efectos de poder esixir a constitución do correspondente aval ou fianza que garanta que ó remate dos traballos, as pistas queden en perfectas condicións.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que se vai abster.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage; e coa abstencións dos Srs. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aprobar inicialmente a modificación de crédito nº: 3/2008, nos termos recollidos na proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, ordenando a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro municipal de anuncios, sometendo o presente acordo o preceptivo trámite de información pública, por prazo de 15 días, sinalándose expresamente que o presente acordo de aprobación inicial, elevarase automaticamente a definitivo no suposto da non presentación de alegacións e/ou reclamacións, no prazo de exposición pública anteriormente citado, entrando en vigor, nos termos sinalados no Art. 169 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo.

8º) PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA Ó REGULAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta da Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, vista a necesidade de regulamentar o sistema de provisión de determinadas prazas de persoal laboral de carácter temporal, PROPÓN Ó CONCELLO PLENO:

ÚNICO.- A creación da BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE XOVE e á aprobación das súa Bases Reguladoras, co seguinte teor literal:

BASES REGULADORAS DA BOLSA DE EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE XOVE

LIMIAR

De conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 81 e concordantes da Lei 7/85, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e con apoio na potestade municipal de autoorganización, ponse en funcionamento, dentro do servizo municipal de emprego, unha bolsa de emprego laboral temporal, e apróbanse as súa bases reguladoras que conteñen as correspondentes regras xerais e procedemento de selección.

OBXECTO E FINALIDADE DA BOLSA DE EMPREGO LABORAL TEMPORAL

1.- A bolsa de Emprego Temporal do Concello de Xove facilitará a xestión da contratación de persoal laboral temporal para cubrir as necesidades dos servizos municipais na realización de obras ou servizos determinados, sempre e cando non sexa preceptiva a aplicación dun procedemento de selección determinado, e sempre que non requiran ningún tipo de titulación ou cualificación profesional específica debido á escasa dificultade das tarefas a realizar; tales como limpeza de praias e baños públicos, limpeza de viais, etc.

2.- Os contratos de traballo temporal a que se acceda mediante este sistema de Bolsa de Emprego non poderán superar os catro meses de duración nin poderán ser obxecto de prórroga, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas.

REQUISITOS DE INSCRICIÓN NA BOLSA DE EMPREGO LABORAL TEMPORAL

Para ser admitido a persoa solicitante debe reunir os seguintes requisitos no momento de realizar a solicitude:

-Estar empadroado no Concello de Xove cunha antigüedade mínima de seis meses contados desde a data de solicitude de inscrición na Bolsa.

- Ter unha idade comprendida entre os 18 e os 65 anos.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo a calquera das AAPP, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións
- Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Galego de Colocación ou INEM.

DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PARA INSCRIBIRSE NA BOLSA

1.- As solicitudes de inclusión na Bolsa de Emprego Laboral Temporal do Concello de Xove presentaranse no Departamento de Emprego, previo rexistro de entrada no Rexistro Xeral, debendo aportarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI
- Certificado de empadramento
- Enderezo completo a efectos de notificacións así como teléfono e persoa de contacto responsable para os casos de ausencia do interesado.
- Tarxeta de demandante de emprego
- Declaración xurada de cumprir tódolos requisitos expostos no artigo anterior.

2.- Calquera modificación dos datos recollidos na ficha de usuario da Bolsa de Emprego deberán ser notificados ó departamento de Emprego.

EXCLUSIÓNS E RENUNCIAS

1.- Producirase a exclusión dos inscritos na Bolsa de Emprego cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Renuncia inxustificada a tres postos de traballo, o que suporá a exclusión da Bolsa por un período de dous anos.
- b) Achega de documentación falsa
- c) Por contratación laboral

2.- A renuncia voluntaria por primeira vez a un posto adxudicado mediante o sistema da Bolsa de Emprego non surtirá máis efecto que a adxudicación do posto ao seguinte inscrito na lista. En caso de que se renuncie por segunda vez, o renunciante pasará a ocupar o último posto.

INCIDENCIAS

A técnico local de emprego queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias podan xurdir no funcionamento desta Bolsa, debendo nestes casos elaborar un informe escrito.

FORMACIÓN DA BOLSA

O prazo para solicitar a inclusión e posta en funcionamento da Bolsa será improrrogable de 1 mes abarcando desde o 15 de maio ata o 15 de xuño de 2.008. Unha vez rematado dito prazo procederase á elaboración da lista integrada por tódolos solicitantes que tiveran aportado correctamente a documentación ordeados alfabeticamente segundo a primeira letra do primeiro apelido.

A letra que determine o número de orde do candidato será elixido mediante sorteo a celebrar en acto público.

Unha vez configurada por primeira vez a Bolsa de Emprego e rematado o prazo de un mes establecido, as inscricións sucesivas situaranse no último lugar da lista.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

1.- Por Resolución de Alcaldía establecerase a vacante que se precise cubrir, motivando a súa necesidade e indicando as características do posto, duración do contrato, tipo de xornada e calquera outras indicacións que sexa necesario establecer.

2.- Á vista de dita Resolución a Técnico Local de Emprego e co Visto e Prace do Secretario Municipal, emitirá Informe-Proposta no que se pronuncie sobre o candidato a seleccionar.

3.- De acordo con dito informe dictarase Resolución de Alcaldía, que será notificada ó candidato no domicilio sinalado na solicitude de inscrición.

4.- O contrato de traballo deberá formalizarse no prazo de cinco días a contar desde a data de recepción da notificación, salvo renuncia do candidato, que deberá efectuarse por escrito no prazo dos tres días seguintes ó da devandita notificación.

5.- Previa formalización do contrato, o candidato deberá presentar un informe de vida laboral de data posterior á data de notificación da resolución.

ENTRADA EN VIGOR

As presentes Bases entrarán en vigor e serán inmediatamente executivas no momento da súa aprobación polo Pleno da Corporación debendo darse publicidade das mesmas mediante a súa exposición no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, Bandos de Alcaldía e calquera outro medio que se estime pertinente.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde sinalase que con estas bases, pretendese dar solución respectando os principios de publicidade e igualdade ao sistema de provisión de determinadas prazas de persoal laboral para as que non se esixe nin é necesaria titulación nin experiencia ningunha, como poden ser as de limpeza de praias.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo vai votar a favor.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que desde sempre, o BNG criticou o sistema de provisión utilizado no pasado, polo anterior Grupo de Goberno, por consideralo inxusto, escurantista e mesmo humillante para os interesados en acceder a determinados postos de traballo, por esa razón quere amosa-la súa leducia, dunha banda por esta proposta que ven a solucionar un problema e unha situación gravísima e inxusta, e tamén pola nova actitude que parecen amosa-los integrantes de AVEXO ó manifesta-la súa conformidade cunhas bases que poñen fin a un sistema totalmente inxusto, que eles mesmos utilizaron durante tódolos anos nos que gobernaron o Concello.

Polo Sr. Ben Fernández manifesta que vai votar a favor da aprobación da proposta.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

9º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE PETICIÓN DE INFRAESTRUTURAS PARA TRAE-LO GAS NATURAL Ó CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza, resúmese e explicase brevemente a moción do epígrafe presentada polo Grupo Municipal do BGN que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MOCIÓN SOBRE AS INFRAESTRUTURAS PARA TRAER O GAS AO CONCELLO.

Exposición de motivos

No mes de xuño do pasado ano, o concelleiro de Innovación e Industria, o nacionalista Fernando Blanco, asinou un convenio de colaboración coa empresa Gas Galicia coa fin de desenvolver a cuarta fase do plan de gasificación de Galicia.

O convenio ten como obxectivo ampliar e mellorar as infraestruturas da rede gasista para garantir a subministración de gas natural naqueles concellos cuxo potencial de desenvolvemento se considera prioritario. Cun investimento de máis de 18 millóns de euros a intención é levar o subministro de gas natural a 25 concellos, entre eles ao noso. Esta cuarta fase do plan de gasificación de Galicia a desenvolver durante os vindeiros catro anos permitirá a construción de 100 quilómetros de redes e ramais de distribución industrial e doméstico - comercial, creando máis de 39.000 puntos de conexión así como a distribución de gas a diferentes polígonos industriais, entre eles o de(Penapurreira, nas Pontes; O Acevedo, en Cerceda, o Pousadoiro, en Vilargacía de Arousa)

A Consellería de Innovación e Industria pretende con este acordo favorecer a gasificación de zonas nas que a retribución específica do Ministerio e os fondos públicos da Administración autonómica, que poderá achegar un máximo de 30%, aseguran a rendibilidade dos investimentos nas redes de distribución a estes núcleos nos que, doutro xeito, sería inviable economicamente. É este un dos requisitos esixidos polo Ministerio de Industria para conceder unha retribución específica para as empresas que queiran acometer a gasificación de núcleos de poboación que non dispoñan de gas natural, como o noso. Para conceder a devandita retribución, que pode chegar como máximo aos 18 millóns de euros por proxecto, tamén se esixe que as empresas subscriban convenios de colaboración coas comunidades autónomas para acometer a gasificación, acordos que o Goberno galego xa asinou hai agora case un ano.

No entanto, e transcorrido todo este tempo, o certo é que o desenvolvemento e execución das actuacións previstas están paralizadas diante da pasividade do Ministerio de Industria que aínda non adoptou ningunha decisión respecto das retribucións das que depende o inicio das actuacións e que polo tanto o nos concello pode dispor deste servizo nos vindeiros anos.

En definitiva, fronte ao esforzo, a vontade e o compromiso do nacionalismo desde a Xunta de Galicia por avanzar na gasificación do país, atopámonos cunha dilación e parálise inxustificada desde o Ministerio de Industria que prexudica claramente aos veciños e veciñas do noso concello.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

Acordo:

Dirixirse ao Ministerio de Industria solicitándolle que axilice a resolución e aprobación das retribucións precisas para execución das actuacións de gasificación conveniadas entre a Xunta de Galicia e a empresas Gas Galicia para dotar deste servizo, entre outros, ao noso concello.”

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu Grupo vai votar a favor da aprobación da moción do epígrafe, xa que a mesma reflicte a solicitude de impulso e mellora dunha importante infraestrutura para o desenvolvemento do Concello.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que a moción presentada carece dun mínimo de concreción, sendo mais ben unha declaración de boas intencións, non obstante o grupo municipal de AVEXO votará a favor da súa aprobación.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de votar a favor da aprobación da moción.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

10º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INTERESANDO O APOIO Ó MANIFESTO DA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGUISTICA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza, resúmese e explicase brevemente a moción do epígrafe presentada polo Grupo Municipal do BGN que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, Portavoz do Grupo Municipal do B.N.G de Xove.

Solicita: *A adhesión do Concello ao manifesto da mesa pola normalización lingüística.*

Polo dereito a vivirmos en galego

As persoas e entidades que apoiamos a manifestación nacional “polo dereito a vivirmos en galego” este 18 de maio de 2008, declaramos:

- 1) *Consideramos que vivir en galego é un dereito inalienábel das persoas na Galicia, e un dos dereitos humanos elementais que temos como pobo. Lembramos que o galego é o único idioma natural de Galicia, e que mesmo o Estatuto de Autonomía o cualifica como “a lingua propia” do país, o que nos une como galegas e como galegos. O pobo galego ten dereito a que a súa lingua ocupe todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, con dignidade e con normalidade.*
- 2) *Consecuentemente, deben existir as garantías para podermos vivir en galego, o que esixe compromisos, así como a aplicación e a adopción das disposicións legais necesarias por parte das Administracións Públicas.*
- 3) *Denunciamos e alertamos contra os que, apuntándose agora á defensa dun suposto bilingüismo, un bilingüismo dunha soa cara, pretenden unicamente o mantemento da diglosia e a desaparición do galego. Ou, o que é o mesmo, a negación do dereito colectivo á normalidade de usos da nosa lingua en todos os ámbitos.*
- 4) *Chamamos ao compromiso persoal de todas e todos coa lingua galega. Usémola en todos os ámbitos: comezando pola familia, coas nosas nenas e nenos, no noso traballo, nas relacións coa administración, no noso tempo de lecer, etc. O futuro do galego depende de nós.”*

Polo Sr. Alcalde manifestase que o seu Grupo vai votar a favor da aprobación da moción do epígrafe, por considerar que o galego é a lingua propia da práctica totalidade dos veciños de Xove, e como tal, merece todo o respecto e apoio da Corporación Municipal.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que deixando claro que a lingua galega, como lingua propia de tódolos galegos, lle merece o máximo respecto, non obstante, vai rexeita-la aprobación da moción presentada, xa que a mesma parece esquece-lo contido do Art. 5 do Estatuto de Autonomía, no que se reflicte o carácter cooficial do castelán e o galego, como linguas propias de Galicia.

Remata a súa intervención o Sr. Pernas Rodríguez, sinalando que a moción ou solicitude presentada polo BNG, mais que dirixida a apoia-lo galego, parece ter como obxectivo discriminalo castelán, introducindo un factor de confrontación na sociedade galega, entre os galego parlantes e os castelán parlantes.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase a súa intención de votar a favor da aprobación da moción.

Por alusións, o Sr. Fernández Bouza resposta ó portavoz da AVEXO que o BNG sempre respectou e respectará a liberdade para falar en galego ou en castelá, engadindo que coa mesma firmeza, o BNG sempre defendeu e defenderá a lingua galega fronte a calquera discriminación que poida sufrir.

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que dicir como dixo o Sr. Pernas Rodríguez de que o Castelán está discriminado en Galicia e descoñecer e nega-la historia recente de Galicia, porque a realidade e que foi o Galego a lingua discriminada e mesmo perseguida e penalizada ata datas ben recentes.

Rematado o debate, o Concello Pleno,cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Fernández Bouza e Ben Fernández, e co voto en contra dos Sres. Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

11º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. SOBRE MANANTIAIS NO RURAL E AUGAS DE DOMINIO PÚBLICO EN XERAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Polo Sr. Fernández Bouza, resúmese e explicase brevemente a moción do epígrafe presentada polo Grupo Municipal do BGN que a seguir se transcribe integramente:

“Xesús Xosé Fernández Bouza, portavoz do Grupo político do BNG de Xove, presenta a seguinte moción para o próximo pleno.

MANANTIAIS NO RURAL E AUGAS DE DOMINIO PÚBLICO EN XERAL.

Preámbulo.

A auga é un ben e un recurso natural escaso, indispensábel para a vida e para o exercicio da inmensa maioría das actividades económicas; é irremprazábel, no ampliábel pola sinxela vontade do home, irregular no so seu xeito de apresentárenos no tempo e no espazo, facilmente vulnerable e susceptible de usos sucesivos.

Así mesmo, a auga constitúe un recurso unitario, que se renova por medio do ciclo hidrolóxico e que conserva, a efectos prácticos, unha magnitude casi constante dentro de cada unha das cuncas hidrográficas do país.

Exposición de feitos e problema.

Pois ben, no noso concello de Xove, os manantiais e fontes que nacen nos montes, e os manantiais e fontes que nacen en montes que se apoderaron do seu espazo, corren perigo. Moitos manantiais e fontes xa secaron e outros moitos seguirán o mesmo camiño se non se toman medidas a curto prazo.

No último cuarto de século, 25 anos, somos testemuña de cómo algunhas fontes se secaron, e como noutras o seu caudal memou dun xeito observábel a simple vista. Todas estas fontes están rodeadas de eucaliptais, que non gardan ningunha distancia ás mesmas, e nalgúns casos os eucaliptos están plantados mesmo nos regos de auga.

Por riba de secarse os manantiais e fontes, atopámonos con que algúns depósitos e conducións do concello teñen perdas coa conseguinte mala xestión das augas. Dada a previsión de cambio climático, e independentemente de que poida agravarse ou non, a prevención é o máis importante.

E polo que Propoño ó Pleno da Corporación os seguintes,

ACORDOS

1.-Que unha área que os técnicos consideren axeitada darredor dos manantiais, fontes, ríos e demais recursos hidrográficos, debe manterse libre de especies arbóreas, tal como recolle Lei 29/1985, de Agosto do 1985, de Augas, e o Real Decreto 849/1986, de 11 de Abril, polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico, que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei de Augas.

2.-Que se faga limpeza dos acuíferos, tal como se facía antes, sacando as raíces, limpando os caños das fontes e desbrozando a maleza.

3.-Que se recade información coa axuda da memoria dos nosos maiores, para recuperar as fontes e manantiais esquivados e que se perderon entre as enormes plantacións de masas arbóreas tremendamente agresivas cos solos e coa auga, tal como é o caso do eucalipto.

Polo Sr. Alcalde manifestase que o Grupo de Goberno vai votar a favor da aprobación da moción, engadindo que verbo dunha ambigua alusión contida no texto da mesma, considera convinte aclarar que a rede municipal de distribución de auga atópase permanentemente controlada e dentro do posible, tendo en conta a considerable extensión da mesma, as avarías que necesariamente se producen na mesma, son reparadas coa maior urxencia.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que a moción presentada polo BNG é un simple recordatorio da normativa legal aplicable.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que vai votar a favor da aprobación da moción.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que por desgracia, con frecuencia é necesario recordar o que din as leis para que algúns deixen de incumpri-las.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrito.

12º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E APROBACIÓN DO REGULAMENTO REGULADOR DA ESCOLA MUNICIPAL DE XIMNASIA RÍTMICA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN E APROBACIÓN DO REGULAMENTO REGULADOR DA ESCOLA MUNICIPAL DE XIMNASIA RÍTMICA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, vista a demanda existente pola prestación do servizo de ximnasia rítmica, PROPÓN Ó CONCELLO PLENO:

PRIMEIRO.- A creación da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica.

SEGUNDO.- A aprobación do Regulamento de organización e funcionamento da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica do Concello de Xove co seguinte teor literal:

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE XIMNASIA RÍTMICA DO CONCELLO DE XOVE

PREAMBULO

O Concello de Xove, coa inequívoca vocación de prestar máis e mellores servizos aos cidadáns, e o obxecto da protección, fomento e desenvolvemento das actividades físico-recreativas, na medida das súas posibilidades, crea oficialmente a Escola Municipal de Ximnasia Rítmica, satisfacendo así a demanda deste servizo e incentivando o seu uso.

Deste xeito, estímase necesario dotar a dita escola dun marco normativo que regule a súa organización e funcionamento e de conformidade co disposto no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 67 do Regulamento de Servizos das Corporación locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, o Concello opta por levar a cabo a xestión directa da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica.

TITULO PRELIMINAR

A Escola Municipal de Ximnasia Rítmica constitúe o conxunto de medios humanos e materiais que ten como finalidade realizar a actividade de ensino desta modalidade de ximnasia nos seus aspectos técnicos e fundamentalmente tácticos, na súa etapa de iniciación.

A Escola Municipal de Ximnasia Rítmica contribuirá á educación integral do neno e ó desenvolvemento da súa personalidade así como a fomentar o comportamento lúdico e a relación social.

TITULO I. DISPOSICIONS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto do Regulamento.-

É obxecto do presente Regulamento regular a organización e funcionamento da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica de Xove, co gallo de acadar os obxectivos e finalidades a que se refire o Título Preliminar.

Artigo 2.- Participación en torneos e similares.-

A Escola poderá participar en competicións tales como torneos de exhibición, de promoción, campionatos escolares, actos de carácter formativo e similares.

Aqueles alumnos que o desexen poderán federarse a través de clubs, declinando o Concello de Xove calquera responsabilidade a tal efecto.

TITULO II. DOS ALUMNOS E DOS MONITORES

Artigo 3.- Requisitos dos alumnos.-

Poderá formar parte da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica calquera nena ou neno cunha idade mínima de catro anos cumpridos no momento de iniciarse o curso. No caso de que debido á demanda do servizo existise límite de prazas, darase preferencia para a inscrición como alumno da Escola aos nenos e nenas empadroados no Concello de Xove.

Os alumnos da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica teñen a obriga de adoptar unha conducta respetuosa cos profesores e os demais compañeiros, respectar o mobiliario e as instalacións do local municipal donde se imparten as clases así como aboar os prezos ou tributos establecidos, de ser o caso.

Artigo 5.- Requisitos dos monitores.-

Os monitores da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica, ben sexan contratados directamente polo Concello como parte da súa plantilla de persoal ben sexan contratados externos, deberán ter a titulación de técnico deportivo de ximnasia rítmica, maestría en ximnasia rítmica ou titulación equivalente que os capacite suficientemente para o desenvolvemento deste traballo.

Os monitores, ademais de ensinar a base do traballo técnico, preocuparanse por adaptar as súas ensinanzas ó desenvolvemento de cada neno.

TITULO III. DA ORGANIZACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE XIMNASIA RÍTMICA.

Artigo 6.- Categorías da Escola.-

A actividade da escola organízase en tres categorías: Base, Precompetición e Competición, constituíndo a categoría Base a de inicio no exercicio da ximnasia rítmica. O cambio de categoría virá determinado polo nivel do alumno segundo o criterio do monitor ou monitores.

Artigo 7.- Matrícula e baixas na Escola.-

Tódolos nenos que desexen inscribirse como alumnos da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica deberán formalizar a matrícula durante o mes de agosto do correspondente ano nos modelos normalizados que a tal efecto facilitará o Concello e aboar, de ser o caso o corresponde prezo ou taxa. A estes efectos, o importe de dito prezo ou taxa será o que en

cada momento teña aprobado o Concello no correspondente Acordo Regulador ou Ordenanza. Dito importe permanecerá inalterable durante todo o curso.

O Concello procurará dar a máxima publicidade polos medios habituais.

Do mesmo xeito e para o caso de ter en todo momento coñecemento do alumnado da Escola, o Concello proporcionará igualmente un modelo de solicitude de baixa na mesma para o caso de baixas que se produzan durante o curso.

Artigo 8.- Duración e horarios.-

A duración da actividade da escola abrangue todo o curso escolar. As clases impartiranse os venres de cada mes, comenzando o primeiro venres do mes de setembro e rematando o último venres do mes de xuño.

Non obstante, dito horario poderá ser variado de xeito provisional ou definitivo dándose debido coñecemento antes do comenzo de curso que corresponda.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademais transcurri-lo prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que esta proposta ten como obxectivo regular aunque sexa minimamente, unha actividade e un servizo que leva anos desenvolvéndose sen control ningún.

Os portavoces de tódolos grupos municipais manifestan a súa conformidade coa proposta transcrita.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a creación da Escola Municipal de Ximnasia Rítmica, e a aprobación inicial dos seus regulamentos, nos termos contidos na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita, ordenando a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro municipal de anuncios, sometendo o presente acordo o preceptivo trámite de información pública, por prazo de 1 mes, sinalándose expresamente que o presente acordo de aprobación inicial, elevarase automaticamente a definitivo no suposto da non presentación de alegacións e/ou reclamacións, no prazo de exposición pública anteriormente citado, entrando en vigor, nos termos sinalados no Art. 65 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

13º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN INFANTIL DO CONCELLO DE XOVE POLA SÚA TRANSFORMACIÓN EN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Á vista da Resolución dictada con data 24 de setembro de 2.007 polo Secretario Xeral e de Relacións Institucionais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, pola que se autoriza o permiso de inicio de actividades para dúas unidades do primeiro ciclo de educación infantil ó centro Escola Infantil 0-3 Municipal de Xove, anteriormente Punto de Atención Infantil.

Considerando o actual Regulamento de funcionamento do Punto de Atención á Infancia.

Pola presente, e tendo en conta os antecedentes anteriores, propoño ó Concello Pleno, a modificación do citado Regulamento do seguinte xeito:

1.- Tódalas referencias efectuadas no Regulamento vixente ó p.A.I. pasarán a referenciarse á Escola Infantil.

2.- Modifícase o artigo 7 do regulamento, que queda redactado como segue:

“ A escola infantil contará con dúas unidades, de 0-3 anos e 2-3 anos, reservándose o Concello de Xove en todo caso un mínimo de dúas para casos sobrevidos considerados de carácter urxente polos servizos sociais municipais”.

3.- Modifícase o artigo 10 do Regulamento engadíndose un parágrafo máis co seguinte teor literal:

“Non obstante, por razóns do servizo, este prazo poderá ser modificado, debendo poñerse este feito en comunicación dos pais/nais ou titores”

4.- Modifícase o artigo 12 do Regulamento no seu primeiro parágrafo, que queda redactado como segue:

“Sen prexuízo dos recursos que procedan segundo a lexislación vixente, e salvo retraso derivado da modificación do prazo de solicitude de reserva, a matriculación realizarase do 15 ao 30 de xuño de cada ano. Se ó longo de todo o ano quedasen prazas vacantes, procederase nese momento á formalización da matrícula”.

5.- Modifícase o artigo 14 letra c), que queda redactado como segue:

“c. Por falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas”

6.- Modifícase o artigo 16, no seu parágrafo segundo, do seguinte xeito:

“ A Escola infantil permanecerá aberta de luns a venres ámbolos dous días incluídos, de oito da mañá a oito da tarde”

Polo Sr. Alcalde explicase que esta modificación do regulamento do punto de atención infantil, ven motivada pola transformación de dito P.A.I. en escola infantil, modificación que afecta basicamente ó tema de horarios, persoal, e duración do período de peche por vacacións.

Os portavoces de tódolos grupos municipais manifestan a súa conformidade coa proposta da Alcaldía transcrita.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente a modificación do regulamento de funcionamento do Punto de Atención Infantil, pola súa transformación en Escola Infantil (de 0 a 3 anos) nos termos contidos na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita, ordenando a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro municipal de anuncios, sometendo o presente acordo o preceptivo trámite de información pública, por prazo de 1 mes, sinalándose expresamente que o presente acordo de aprobación inicial, elevarase automaticamente a definitivo no suposto da non presentación de alegacións e/ou reclamacións, no prazo de exposición pública anteriormente citado, entrando en vigor, nos termos sinalados no Art. 65 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

14º) PROPOSTA DA ALCALDÍA INTERESANDO A PERMANENCIA DO CONCELLO DE XOVE NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA LUCENSE, E DESIGNACIÓN, SE É O CASO DE DOUS REPRESENTANTES MUNICIPAIS PARA INTEGRARSE NOS ORGANOS DE DITA MANCOMUNIDADE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove, para o coñecemento, debate e, se é o caso, aprobación polo Concello Pleno, presenta a Proposta que a seguir se transcribe:

VISTO, que con data 19 de abril de 2005 o Pleno Corporativo acordou a separación do Concello de Xove da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense.

Con data 26 de abril de 2005 remitiuse ó Presidente da Mancomunidade certificación do acordo plenario anteriormente referenciado.

VISTO, que con data 10 de abril de 2006, a Junta Plenaria da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense adoptou o acordo de “ dirixirse ó Pleno do Concello de Xove para que reconsidera a súa petición e, en consecuencia, continúe como membro de pleno dereito da Mancomunidade“.

TENDO EN CONTA que por esta Alcaldía considerase convinte e de interés para o Concello de Xove a permanenza do mesmo como membro de pleno dereito da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense fundamentalmente para poder ter acceso a liñas de subvencións e programas financiados con fondos comunitarios ós que só poden acceder Concellos ou Entidades de carácter supramunicipal como a Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense con máis de 20.000 habitantes.

TENDO EN CONTA que en maio de 2007 celebráronse Eleccións Locais e na súa consecuencia en xuño dese mesmo ano tomou posesión e constituíuse unha nova Corporación Municipal.

Pola presente proponse ó Concello Pleno a adopción dun acordo polo que:

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Xove polas razóns expostas reconsidera a súa petición de separación da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense acordada na sesión plenaria de data 19 de abril de 2005 e acorda solicitar e comunicar á Junta Plenaria da Mancomunidade a súa vontade de permanecer na Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense como membro de pleno dereito da mesma.

SEGUNDO.- O Concello Pleno consonte ó disposto no art. 6º dos Estatutos da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense designa como vocais para integrarse nos órganos da Mancomunidade ós seguintes membros da Corporación:

- D. José Demetrio Salgueiro Rapa, pola súa condición de Alcalde-Presidente e cabeza de lista da candidatura máis votada nas últimas eleccións locais.*
- Un representante designado, de entre os seus membros, polo Grupo Municipal da Asociación de Veciños de Xove (AVEXO) por ser dita Agrupación a segunda en número de votos obtidos nas últimas eleccións locais.*

Polo Sr. Alcalde manifestase que o Grupo de Goberno, e partidario de reconsiderar o abandono da Mancomunidade, xa que pode ser un órgano importante para solucionar problemas de carácter supramunicipal, e sobre todo acceder a determinadas subvencións reservadas para concellos de mais de 20.000 habitantes, ou para entidades locais supramunicipais, como é o caso da Mancomunidade.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que a mancomunidade nunca funcionou e somentes se mantivo para non deixar na calle as traballadoras do Servizo de Atención a Nenos Discapacitados, que realizaban un labor extraordinario.

Engade o Sr. Pernas Rodríguez que actualmente dito servizo pasou a depender da Xunta de Galicia, razón pola cal o Grupo Municipal de AVEXO ten fondas dúbidas sobre a viabilidade da Mancomunidade, non obstante, considera lóxico tamén, darlle un voto de confianza e polo tanto vai votar a favor da proposta de Alcaldía e consonte ó disposto na mesma, designar a D. Secundino Vázquez Fra como representante.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que Mancomunidade sempre foi inoperante, aínda que a idea dunha entidade supramunicipal para debater e solucionar asuntos supramunicipais pode ser boa, sempre que se artelle un sistema axeitado. Como quera que a experiencia nos ten demostrado abondo que a creación da Mancomunidade non sirve absolutamente para nada, o BNG vaise abster.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que ten a lixeira sospeita de que o actual interese do Partido Popular por revitaliza-la mancomunidade ten como único obxectivo o de contar con un foro de opinión, razón pola cal vaise abster.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita, sinalando que os representantes do Concello de Xove para integrarse como vocais nos órganos da mancomunidade de municipios da Mariña Lucense serán D. José Demetrio Salgueiro Rapa e D. Secundino Vázquez Fra.

Coa autorización da presidencia, polo Sr. Vázquez Fra, agradeceuse a confianza depositada nel, por parte da Corporación Municipal.

15º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE AS NORMAS DO HABITAT GALEGO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“José Manuel González Álvarez, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno polo trámite de Urgencia.

Xustificación da urxencia:

O pasado día 17 de abril entraron en vigor as Normas do Hábitat Galego, aprobadas por Decreto da Xunta de Galicia o 17 de xaneiro. Todos os sectores implicados están manifestando a súa oposición e adiantando os efectos negativos da mesma. Co obxectivo de evitalos o Grupo Municipal Popular presenta esta iniciativa para o seu debate no Pleno deste Concello de Xove.

Exposición de Motivos

As Normas do Hábitat Galego que ven de aprobar o Consello da Xunta, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, pretenden marcar as calidades mínimas coas que se deben construír as novas vivendas.

Estas normas substitúen o actual Decreto de Habitabilidade do ano 1992, e recollen todos os parámetros de cómo deben construírse as vivendas en Galicia, sexan protexidas ou de prezo libre.

Estando de acordo co obxectivo global da mellora das condicións das vivendas, en canto supoñan a mellora das condicións de vida dos cidadáns; sen embargo, o Decreto de habitabilidade

aprobado pola Xunta de Galicia, na súa actual redacción, presenta moitos aspectos que, aplicados na práctica, suporán evidentes prexuízos para os veciños.

Por suposto, o PPdeG está a favor de todas aquelas medidas que supoñan un aumento da calidade da vivenda e do hábitat dos veciños, pero precisamente por iso, entende que este obxectivo se debe perseguir baseándose na obxectividade e no rigor e non mediante normas improvisadas que suscitan o rexeitamento xeral.

A Constitución Española garantiza a autonomía dos municipios para a xestión dos seus respectivos intereses. Sen embargo, as normas do Hábitat galego aprobadas, supoñen unha inxerencia e un ataque a autonomía local, toda vez que, según teñen manifestado xa moitos técnicos independentes, poderían chegar a colisionar mesmo cos Plans de Ordenación Municipal. Trátase, en consecuencia, dunha norma claramente intervencionista.

A día de hoxe, todos os sectores implicados manifestan a súa preocupación polos efectos negativos que se derivarían da súa inmediata entrada en vigor: invasión na autonomía municipal, encarecemento dos prezos das vivendas de ata un 30%, parálise dos planeamentos en redacción (nomeadamente para os concellos que os estén a tramitar), exceso de reglamentación, discrecionalidade da Consellería de Vivenda para eximir do cumprimento da norma, etc.

Boa mostra da preocupación xerada por este Decreto é a saturación que, desde a publicación do mesmo, están sufrindo os servizos urbanísticos dos concellos galegos, recibindo un "aluvión" de solicitudes de licenzas de construción antes da súa entrada en vigor.

Trátase dunhas Normas, que como advirte o Consello Consultivo de Galicia nos dous dictames emitidos invaden competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo, ademais de que pola súa imprecisión e ambigüidade xerarían inseguridade xurídica.

Os informes elaborados polos axentes implicados son contrarios ao texto aprobado pola Xunta de Galicia, de al a preocupación que neste Grupo Municipal recolleemos de todos e cada un deles. A FEGAMP ven de recoñecer explicitamente que as normas en cuestión invaden as competencias da administración local.

Considerando, que estamos inmersos nunha crise económica profunda que repercute en todos os sectores productivos, o CONCELLO DE XOVE veríase claramente prexudicado pola aplicación deste decreto Os primeiros prexudicados serían os propios veciños que sufrirían un aumento do prezo das vivendas e que logo abarcaría ao conxunto da actividade económica coa conseguinte paralización dos sectores económicos esenciais. Así mesmo, a aplicación do decreto afectaría negativamente na recadación municipal e consecuentemente frearía a capacidade prestadora de servizos deste concello.

Por todo o anterior, o Pleno do Concello de Xove insta a Xunta de Galicia a:

1. Derogar o actual Decreto das Normas do Hábitat Galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP,, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.

2. Remitir este acordo ao Presidente de Xunta de Galicia, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, á Fegamp e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia”.

Polo Sr. González Álvarez manifestase que as razóns que motivan a presentación da moción transcrita son dunha banda a invasión de competencias municipais, que supón o decreto da Xunta , tal e como ten manifestado e recurrido xudicialmente a FEGAMP, e doutra banda, porque dito

decreto limitase a recoller unha normativa que xa viña recollida no Código Técnico de Edificación, e en consecuencia xa se estaba aplicando e a maiores, introduce unha serie de obrigas que non teñen xustificación nin sentido ningún, unhas porque son de imposible cumprimento, como é o caso da obriga de que tódolos solares teñan unha hora de luz solar no mes de decembro, e outras porque van a supoñer un importante encarecemento da construción, e polo tanto do prezo da vivenda (resulta absurdo que as normas galegas impoñan portas e ventanas, cunhas medidas totalmente diferentes ós modelos normalizados no resto de España).

Remata a súa intervención o Sr. González Álvarez, sinalando que as referencias que no decreto se fan, ás posibles excepcións na aplicación das normas de hábitat, son un campo abonado para a comisión de toda clase de arbitrariedades e discrecionalidades, e por suposto, fonde de conflitos permanentes.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que por primeira vez na súa historia, a FEGAMP véese obrigada a recurrir nos tribunais de xustiza unha norma autonómica que supón un ataque frontal ás competencias á autonomía é a independencia dos Concellos de Galicia.

Remata a súa intervención o Sr. Pernas Rodríguez manifestando que soamente pola razón exposta, non paga a pena nin entrar a debatir o contido do decreto.

Polo Sr. Fernández Bouza manifestase que o tema competencial será resolto polos tribunais, engadindo que resulta curioso que o PP agora defenda as competencias dos Concellos e que sen embargo, gardara un silencio complice cando entrou en vigor por exemplo a Lei de Ordenación do Litoral, que excluía absolutamente ós concellos na ordenación dunha parte importante do seu territorio.

Engade o Sr Fernández Bouza que tamén resulta significativo ver como o Partido Popular se preocupe agora dun mais que dubidoso encarecemento da vivenda, cando non dixo nin fixo absolutamente nada nos anos nos que gobernou, ante un escandaloso encarecemento da vivenda (mais do 300%), que somentes beneficiou as empresas constructoras, xa que a calidade das vivendas no mellorou en absoluto, todo o contrario, empeorou notablemente (menos superficie, peores servizos urbanísticos, etc. etc.).

Remata a súa intervención o Sr. Fernández Bouza sinalando que loxicamente vai votar en contra da moción presentada, entendendo que as normas de hábitat galego son o primeiro intento serio, que un goberno autonómico fai para tratar de mellora-la vivenda dos galegos.

Polo Sr. Ben Fernández manifesta que a súa intención de absterse, engadindo que sería lóxico que esta moción, no caso de ser aprobada se enviara tamén á Consellería de Vivenda.

Polo Sr. Alcalde sinalase que se acepta a suxerencia do Sr. Ben Fernández, e que en consecuencia a moción, no suposto de ser aprobada, tamén será remitida á Consellería de Vivenda.

Remata a súa intervención o Sr. Alcalde, sinalando que mais aló do contido concreto das normas de hábitat, o que é absolutamente rexeitable é a maneira como se ten elaborado e aprobado este decreto, sen contar para nada cos Concellos, quen ademais de ver vulneradas as súas competencias, van ser paradóxicamente os encargados de velar polo seu cumprimento.

Rematado o debate, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage,e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

16º) PROPOSTA DA ALCALDÍA INTERESANDO A ADHESIÓN DO CONCELLO DE XOVE Ó FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

Vista a proposta do “Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade” orientada a contribuír dende o noso propio ámbito ao desenvolvemento dos países do Terceiro Mundo, mediante a creación dun fondo económico que financie proxectos de axuda aos países en vías de desenvolvemento e campañas de sensibilización en Galicia sobre a cooperación e solidariedade internacional,

Pola presente propoño ó Pleno do Concello de Xove a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Manifestar a adhesión desta Corporación ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e aceptar os seus Estatutos e Declaración Programática.

Segundo.- Asumir o compromiso de dotar presupostariamente unha partida, como achega anual ao Fondo Galego, con destino ao financiamento de proxectos aprobados polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e de conformidade co correspondente baremo de cotas que aprobe a Asamblea de socios.

Terceiro.- Expresar a vontade de incrementar as responsabilidades económicas deste Concello respecto do Terceiro Mundo para aproximarse ao 0,7% do orzamento ordinario, recomendado polas Nacións Unidas.

Cuarto.- Facultar ao Alcalde-Presidente para que designe unha persoa representante co Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Quinto.- Notificar estes acordos ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.”

Polo Sr. Alcalde comunicase á Corporación que a cota mínima anual que o Concello de Xove debería aportar durante o ano 2008 ó Fondo, ascendería a 388,36€

Os portavoces de tódolos grupos municipais manifestan a súa conformidade coa proposta da Alcaldía.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda aproba-la proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

17º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, PROPÓN Ó CONCELLO PLENO a aprobación do Regulamento de funcionamento do Mercado Municipal co seguinte teor literal:

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.-

O Concello de Xove, no exercicio da potestade regulamentaria que lle confire o artigo 4.1.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais normas concordantes, aproba o presente Regulamento sobre organización e funcionamento do mercado municipal, de acordo co disposto no artigo 25.2.g) da citada Lei 7/85, de 2 de abril e artigo 80.2.g) da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Artigo 2.-

O mercado municipal rexerese polo presente Regulamento e, no non previsto, pola lexislación supletoria que resultara aplicable. Os titulares dos postos, polo mero feito de selo, sométense plenamente á mencionada normativa así como a cantas disposicións ou resolucións sexan de aplicación.

O mercado municipal ostenta a condición de servizo público, polo que o Concello exercerá a necesaria intervención administrativa, a vixilancia sanitaria e cantas funcións impliquen exercicio da autoridade e sexan da súa competencia.

CAPÍTULO II: DO MERCADO E DA SÚA UBICACIÓN

Artigo 3.-

O emprazamento do mercado será o que se indica a continuación, adxuntándose plano adxunto como Anexo I ó presente Regulamento:

-Rúa de acceso ó pavillón polideportivo desde o Camiño Real ata a rúa do centro de saúde.

-Rúa Camiño Real, zona de aparcadoiros anexa ao salón de actos

-Postos de venda de agricultores ou gandeiros locais: ocuparán o posto nº 34.

Sen perxuízo delo, a Alcaldía conserva a facultade de variar dito emprazamento de xeito provisional ou definitivo cando razóns de utilidade pública ou interese xeral así o aconsellen, sen que en ningún caso se xenere dereito a indemnización de danos ou prexuízos ós titulares dos postos afectados.

Artigo 4.-

Poderán ser obxecto de venda no mercado todo tipo de artigos de téxtil e alimentación. Calquera outro tipo de autorización de venda será estudada con carácter previo á oportuna autorización.

Artigo 5.-

Non se permitirá no recinto do mercado nin nas súas inmediacións ningún tipo de venda ambulante fóra dos postos. Sen prexuízo do establecido no artigo 1, a disposición dos postos poderá variarse durante a vixencia das autorizacións por resolución expresa do órgano municipal competente.

Artigo 6.-

As dimensións dos postos serán de 6 metros máximo de longo e 3 de fondo, incluíndo vehículo se o houbese. En ningún caso os postos poderán ser de tal altura que afecten a ramas de árbores, cables, obxectos ou elementos que voen sobre os postos. Non se permitirá a colocación dos vehículos por riba das beirarrúas.

Un mesmo vendedor poderá solicitar a adxudicación de varios postos, sempre que estea xustificada.

Artigo 7.-

Os postos e as súas instalacións serán desmontables, quedando prohibida a colocación de calquera elemento clavado no chan que poidera danar o pavimento, ou suxeito ou apoiado en árbores, postes, farolas, muros, cancelas ou outras instalacións existentes no recinto.

Artigo 8.-

O día de celebración do mercado semanal será o mércores, con exclusión daqueles mércores nos que coincidan festas patronais do Concello, Aninovo e Nadal.

CAPÍTULO III.- DAS AUTORIZACIÓNS E DAS PERSOAS

Artigo 9.-

A vixencia das autorizacións de venda coincidirá co ano natural, sendo renovable por anos naturais. Sen prexuízo disto, todas as autorizacións poderán ser revogadas pola Alcaldía cando o considere oportuno, en atención á desaparición das condicións que motivaron o seu outorgamento. De igual xeito, poderá decretarse a suspensión temporal por razóns de obras na vía pública ou nos servizos, tráfico ou outras causas de interese público, comunicándose previamente ós adxudicatarios dos postos. Se procedese, poderán recuperarse os días de suspensión noutras datas que determine o Concello.

Será condición necesaria para a renovación da autorización estar ó corrente do pagamento da correspondente taxa, de existir esta.

Artigo 10.-

Todos os interesados en instalar o seu posto de venda no mercado municipal de Xove deberán presentar nas dependencias da casa do Concello a seguinte documentación:

-Carnet de Rexistro de Comerciantes Ambulantes e IAE correspondente á súa actividade, no seu caso.

-Carnet de manipulador de alimentos, no seu caso.

-No caso de cooperativas, documentación acreditativa da pertenza á mesma.

A perda de calquera destes requisitos durante a vixencia da autorización dará lugar á revogación da mesma.

Artigo 11.-

Unha vez rexistrado o posto, o Concello emitirá unha tarxeta identificativa que conterá como mínimo os seguintes datos:

-nº de identificación asignado

-nome ou denominación social e NIF ou CIF

-domicilio ou razón social e teléfono de contacto

-metros que se ocupan

A expedición da tarxeta identificativa presuporá a autorización de venda no mercado.

Artigo 12.-

Serán obrigas dos titulares:

-Cumprir e facer cumprir a quen deles dependan as presentes normas e cantas disposicións e ordes lles afecten

-Estar ó corrente do pago das taxas e prezos públicos municipais derivados da súa actividade no mercado, de ser o caso.

-Ter a disposición e exhibir cando fose requerido polos vixiantes municipais a tarxeta identificativa así como calquera da documentación esixida.

-Manter as condicións hixiénico-sanitarias dos produtos que vendan

-A montaxe e desmontaxe dos postos, retirada de mercancías e residuos, e o mantemento daquelas nas debidas condicións de seguridade e limpeza, baixo pena de retiro da tarxeta identificativa.

-Responder dos danos e prexuízos que podan ocasionarse no dominio público municipal.

Artigo 13.-

Ademais das contidas nas anteriores normas , prohíbese no recinto do mercado:

-Extender instalacións ou artigos fóra dos límites do posto

-Instalar elementos que entorpezan a colocación dos demais postos ou que podan molestar ou dificultar o tránsito polo recinto.

-Prender lume

-Altera-lo orde público

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no B.O.P., debendo ademais transcurri-lo prazo de quince días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, para impugnación do acordo pola Administración da Comunidade Autónoma e do Estado, comenzando a aplicarse o bimestre natural seguinte ó da súa entrada en vigor.”

Polo Sr. Alcalde manifestase que o obxectivo deste regulamento é poñer un certo orden no desenvolvemento do mercado semanal, e controlar desde as competencias municipais, as actividades que no mesmo se desenvolvan.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que o seu Grupo está basicamente de acordo coa proposta de Alcaldía, engadindo que quizás sería necesario que o regulamento contivera un réxime sancionador para solucionar-los posibles conflitos derivados de incumprimentos da normativa que se vai aprobar.

Polo Sr. Alcalde respóstase que o este regulamento é fruto do consenso entre o Grupo de Goberno e os titulares dos postos que habitualmente se poñen nos mercados dos mércores, non obstante, engade o Sr. Alcalde se fose necesario, modificaríase o regulamento no sentido apuntado polo portavoz da AVEXO.

Os Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández amosan a súa conformidade.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar inicialmente o regulamento do mercado municipal, nos termos contidos na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita, ordenando a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro municipal de anuncios, sometendo o presente acordo o preceptivo trámite de información pública, por prazo de 1 mes, sinalándose expresamente que o presente acordo de aprobación inicial, elevarase automaticamente a definitivo no suposto da non presentación de alegacións e/ou reclamacións, no prazo de exposición pública anteriormente citado, entrando en vigor, nos termos sinalados no Art. 65 da Lei 7/1985 de 2 de abril.

18º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) DE VIVENDAS UNIFAMILIARES CON MAÍS DE 5 ANOS DE ANTIGÜEDAD. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe íntegramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove, cumprimentando o acordo plenario de data 14 de xaneiro de 2008, para o seu debate e se o caso aprobación por parte do Pleno Corporativo presenta as seguintes;

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS) DE VIVENDAS UNIFAMILIARES CON MAÍS DE CINCO DE ANOS DE ANTIGÜEDAD.

1ª.- As presentes Bases, que terán unha vixencia de un (1) ano, sen prexuízo da súa posible prorrogación mediante acordo plenario ó efecto, complementan en certa medida as subvencións autonómicas regulamentadas na Orde do 9 de abril de 2008 (D.O.G. nº: 74 de data 17/04/2008) e teñen como obxectivo que tódolos veciños de Xove poidan remata-lo exterior das súa vivenda unifamiliar quedando estas protexidas da humidade e o clima en axeitadas condicións de salubridade e seguridade, mediante a utilización de materiais respectuosos co entorno coa paisaxe e coa tipoloxía tradicional da zona.

2ª.- Poidan ser obxecto de subvención as obras de remate das fachadas (lucido de fachadas) de vivendas unifamiliares ubicadas no termino municipal de Xove é os efectos da incoación do correspondente expediente o solicitante, que en todo caso deberá se-lo propietario do inmovible, presentará no Rexistro Municipal solicitude de subvención no Modelo que ó efecto se facilitará nas Oficinas Municipais e a documentación que a seguir se relaciona acreditativa de que a vivenda reúne todos e cada un dos requisitos exisibles para a obtención de subvención:

- Documentación acreditativa da personalidade do solicitante (Copias Autenticadas do D.N.I. e do N.I.F.)
- Documentación acreditativa de que o solicitante é o propietario da vivenda (Escritura Pública e Certificación Catastral)
- Acreditación de que a vivenda ten unha antigüidade superior ós cinco anos, extremo que deberá acreditarse coa presentación da correspondente licenza de primeira ocupación o no seu defecto cun informe emitido polos servicios técnicos municipais acreditativo da antigüidade da vivenda.
- Declaración Xurada , no Modelo que o efecto se facilitará nas Oficinas Municipais , asinada polo solicitante acreditativa de que a vivenda constitúe o domicilio habitual dunha unidade familiar ben sexa do propietario solicitante ou, se o caso, do arrendatario. Coa citada Declaración Xurada deberá achegarse o correspondente certificado de empradonamento.
- Declaración Xurada , no Modelo que o efecto se facilitará nas Oficinas Municipais , asinada polo solicitante acreditativa de que a vivenda non está incurso en ningún procedemento de disciplina ou de reposición da legalidade urbanística.
- Certificación de estar o corrente do pago de tódolos tributos municipais e non ter débedas coa facenda municipal.
- Declaración xurada de non ter solicitado nin percibidos de calquera outra administración ou organismo público axudas ou subvencións para a mesma finalidade segundo o modelo que ó efecto se facilitará nas Oficinas Municipais.
- Memoria Valorada (acompañada de fotografías que acrediten o estado das fachadas) na que se acredite o estado da fachada e as obras de lucido da mesma que se pretendan efectuar con descrición valorada dos materiais a utilizar, materiais que nas súas características estéticas e constructivas deberán ser acordes cos do entorno.

Simultaneamente coa presentación da solicitude de subvención deberá solicitarse igualmente a preceptiva licenza municipal de obra menor.

3ª.- Unha vez recibida a solicitude a Oficina Técnica e a Secretaría Municipal, emitiran informe no que se acredite o cumprimento de todos e cada un dos requisitos anteriormente citado, propoñendo a Xunta de Goberno Local a concesión ou a non concesión da subvención solicitada. En todo caso a proposta deberá estar motivada e no suposto de falla ou defecto de documentación; con carácter previo á emisión do antedito informe- proposta; deberá comunicarse ó solicitante a falla de documentación apreciada dándolle un prazo de 10 días para a presentación ou subsanación que fora procedente coa advertencia expresa de que de non facelo a súa solicitude será arquivada sen máis trámite.

4ª.- A Xunta de Goberno Local á vista do Informe-Proposta aprobará o outorgamento ou a denegación da subvención solicitada.

No suposto de outorgamento o acordo deberá determinar igualmente a contía da subvención que en ningún caso poderá superar ós 300'00 € por solicitude e vivenda e o prazo de execución das

obras que en ningún caso poderá ser superior ós 3 meses contados a partir da notificación do acordo.

O prazo de execución anteriormente citado só poderá ser obxecto de prórroga; por un prazo máximo de dous meses contado a partir da data de remate do prazo inicial; por casos excepcionais de forza maior sempre que dita prórroga se solicite antes do remate do prazo de execución fixado inicialmente.

O incumprimento do prazo de execución inicialmente fixado ou no seu caso o determinado na prórroga concedida suporá a perda automática da subvención concedida.

5ª.- Os efectos do financiamento da presente liña de subvención dotarase a orzamentariamente Partida 431.780 coa cantidade de 3.000'00 €; sen prexuízo de que, se fose necesario, dita dotación poida ser obxecto de ampliación.

6ª.- Rematadas as obras obxecto de subvención o solicitante deberá comunica-lo mediante escrito dirixido á Oficina Técnica Municipal ó que se acompañara fotografías do estado da fachada unha vez executadas as obras así como os orixinais ou copias autenticadas das facturas abonadas polos traballos efectuados.

7ª.- Recibida a solicitude o Arquitecto Técnico Municipal efectuará unha visita de inspección e a resultas da mesma emitirá informe no que se acredite a correcta execución da obras propoñendo á Xunta de Goberno Local a aprobación do abono da subvención outorgada.

8ª.- No caso de que o Informe antedito acreditará a non execución ou a execución incompleta ou incorrecta das obras se dará traslado do mesmo ó solicitante para que se é posible, e sempre que non se houbera esgotado o prazo de execución, proceda á subsanación ou remate das obras dentro do prazo execución fixado no acordo de concesión ou no de prórroga se fose o caso. Completadas ou subsanadas as obras o solicitante comunicarao á Oficina Técnica Municipal consonte ó disposto na Base 6ª procedéndose por parte da Oficina Técnica Municipal a efectua-la visita e a emiti-lo informe previstos na Base 7ª.

9ª.- O prazo de presentación de solicitudes será comunicado mediante anuncio que se publicará no xornal El Progreso (Edición de A Mariña) e mediante Bandos que se colocarán nos lugares habituais do termo municipal. En calquera caso o prazo de presentación de solicitudes non poderá ser superior ós tres meses e en calquera caso as obras deberá estar rematadas e dito remate posto en coñecemento da Oficina Técnica Municipal ós efectos do disposto na Base 7ª no prazo de execución que se determine no acordo de concesión da preceptiva licencia e en calquera caso antes do 30 de novembro 2008.

Excepcionalmente, naqueles supostos nos que a concesión da licencia municipal estea condicionada pola previa e preceptiva autorización de calquera outro organismo administrativo (Servicio provincial de costas, Servicios de Usos do Litoral, Comisión Provincial de Patrimonio, Augas de Galicia ou Servicio Provincial de Urbanismo) os prazos de execución anteriormente citados se interromperán ata a obtención e notificación da correspondente autorización.”

Polo Sr. Alcalde explicase brevemente as características principias do Regulamento transcrito, salientando que con esta proposta dáse cumprimento ó acordo plenario de data 14 de xaneiro de 2008.

Polo Sr. Pernas Rodríguez manifestase que como idea, a proposta da Alcaldía parécelle correcta, mais non obstante, AVEYO vaise abster, por considerar que as axudas directas, sen ter en conta os niveis de renda dos solicitantes, en principio non parecen lóxicas.

Polo Sr. Alcalde respostase que estas axudas son en calquera caso, complementarias, e incompatibles coas axudas da Xunta de Galicia, e que única e exclusivamente van dirixidas a vivendas de carácter unifamiliar, con mais de 5 anos de antigüedad, nun intento de paliar dentro do posible, o feísmo urbanístico que provocan vivendas coas fachadas sen rematar, sobre todo nos núcleos rurais.

Polo Sr. Fernández Bouza manifesta a súa conformidade coa proposta de Alcaldía, salientando que a iniciativa para este tipo de axudas foi do BNG.

Polo Sr. Ben Fernández manifesta a súa intención de absterse, por considerar que se ben, os obxectivos son razoables, as cantidades máximas das axudas e o importe consignado pola súa escasa contía, converten a este regulamento nalgo poco mais que simbólico.

Rematado o debate, o Concello Pleno,cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, Abad López, González Álvarez, Meitin Guerreiro e Fernández Bouza e coa abstención dos Sres. Ben Fernández, Pernas Rodríguez, Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

19º) ROGOS E PREGUNTAS.

Neste punto non houbo asuntos que tratar.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinteúnha horas, e dez minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo